CaixaBank
PAYMENTS & CONSUMER

QUE É UN SEGURO DE PROTECCIÓN DE PAGAMENTOS?

É un seguro que che axuda a pagar as túas débedas
cando tes un problema grave
que afecta á túa economía
e non podes seguir pagando.

Por exemplo, se:

- Perdes o teu traballo.
- Tes unha incapacidade temporal ou permanente.
- Tes unha enfermidade grave.
- Faleces.

Grazas a este seguro,
podes seguir pagando as cotas
dos teus préstamos, hipotecas ou tarxetas de crédito.

Que adoita incluír este seguro?

Este seguro adoita contratarse
xunto a unha tarxeta, unha hipoteca ou cun préstamo.

Ademais, se acontece algo que non esperabas,
o seguro encárgase de pagar as cotas
pendentes de aboar desa tarxeta, préstamo ou hipoteca.

Como se calcula o prezo do seguro?

O prezo do seguro chámase **prima do seguro**.

O prezo do seguro varía
segundo se o contratas xunto a unha tarxeta de crédito
ou un préstamo.

Normalmente, o prezo do seguro
calcúlase dunha destas formas,
aínda que poden existir outras maneiras de calculalo.

Se o seguro é para unha tarxeta de crédito:

A prima págase cada mes.
O prezo calcúlase aplicando unha pequena porcentaxe
sobre o diñeiro que usaches da tarxeta.

Por iso, o prezo pode cambiar dun mes ao outro.

Por exemplo:

Imaxina que tes unha tarxeta de crédito
e este mes usaches 1.000 € da tarxeta.

O contrato di que a seguro custa o 1 %
sobre o diñeiro que usaches.

O 1 % de 1.000 € son 10 €.
Así que este mes pagarás 10 € de seguro.

Porén, se o mes seguinte usas 500 € da túa tarxeta,
o 1 % do seguro son 5 €.

Así que ese mes pagarías 5 € de seguro.

Se o seguro é para un préstamo:

A prima do seguro tamén se paga cada mes.
Con todo, neste caso sempre pagarás a mesma cantidade.

O prezo do seguro calcúlase cunha porcentaxe
do diñeiro que che prestaron.
Non inclúe xuros nin outros gastos.

Por exemplo:

Pides un préstamo de 8.000 €.
O seguro de protección de pagamentos custa o 1 %.

O 1 % de 8.000 € son 80 €.
Así que cada mes pagarás 80 €
por ter contratado este seguro.

Que debes ter en conta ao contratar este seguro?

Antes de contratar o seguro de protección de pagamentos,
é importante que te fixes no seguinte:

1. QUE TIPO DE DÉBEDA COBRE

Debes saber se o seguro cobre:

- Unha hipoteca.
- Un préstamo persoal.
- Unha tarxeta de crédito.

2. CAL É A COBERTURA E CANTO DURA

Debes saber durante canto tempo
o seguro pagará as túas débedas.

Por exemplo: 3 meses, 6 meses, 1 ano.

Tamén cómpre saberes
se o seguro paga toda a débeda ou só unha parte.

3. CALES SON AS CONDICIÓNS PARA USAR O SEGURO

Que requisitos debes cumprir para que
o seguro pague?

Existe un tempo de agarda antes de poder usar o seguro?
A este tempo chámaselle **período de carencia**,
e está indicado no contrato que asinaches.

Tes que presentar documentos
para demostrar o que che pasou?

Por exemplo:

- Que non tes traballo.
- Que tes unha incapacidade.

4. O QUE NON ESTÁ INCLUÍDO NO SEGURO

Algúns seguros non cobren as débedas se:

- Deixas o traballo por decisión propia.
- Es despedido sen causa xustificada.
- Tiñas unha enfermidade cando contrataches o seguro.
- A incapacidade é por actividades de risco.

É moi importante ler ben o contrato
para saber cando o seguro non pagará as túas débedas
e evitar sorpresas desagradables.

5. CALES SON OS LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN

O seguro ten unha cantidade máxima de diñeiro
para pagar as túas débedas.

Cómpre saber
cal é a cantidade máxima que pagará o seguro.

Esta cantidade chámase indemnización máxima.
Está indicada no contrato que asinas.

Se pagas unha prima alta,
asegúrate de que esa cantidade máxima
cobre ben todas as túas débedas.

Exemplo:

Contrataches un seguro de protección de pagamentos cunha indemnización máxima de 6.000 €.

Se tes unha débeda de 5.000 €,
o seguro pagará toda a débeda.

Se tes unha débeda de 8.000 €,
o seguro só pagará 6.000 €.

Os outros 2.000 € terás que pagalos ti.

6. SOBRE A EMPRESA ASEGURADORA

Antes de contratar o seguro,
cómpre saber:

- Que empresa aseguradora é.
- Se che dá confianza.

Investiga se a aseguradora
responde rápido cando a precisas
e se cumpre o que di o contrato.

Un bo servizo é moi importante
en momentos difíciles.

Consello final

Non é obrigatorio ter un seguro
de protección de pagamentos.

Porén, pode darche tranquilidade
se ocorre algo e non podes pagar as túas débedas.

Antes de contratalo, lembra:

- Pensa na túa situación económica.
- Compara varios seguros.
- Le toda a información que che dean.

A túa tranquilidade é o máis importante.